
Cordyline australis (G. First.) Endl., 1883

- dracena, cordilina, cordiline, dracaena
- dracena, cordiline, árbol repollo, cordilina de Nueva Zelanda
-
- cordilina
- dracaena
- palmeira da Nova Zelandia, cordilina



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISIÓN	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Liliopsida**	**Asparagales**	**Asparagaceae**	***Cordyline***

ORIXE

Oceanía.

CARACTERÍSTICAS

Planta arbórea de crecemento vertical. Pode alcanzar ata 20 m de altura. Inicialmente cun só talo coroado por un mato de follas que posteriormente se ramifican en numerosas pólas, cada unha coa súa propia coroa. O tronco dos exemplares maduros é gris e esponxoso, e pode alcanzar ata 2 m de diámetro. Cada póla pode ter un talo floral. As follas teñen forma de espada, longas e estreitas, de 40 a 90 cm de longo e de 3 a 7 cm de ancho na base, con numerosas veas paralelas. As flores de cor cremosa ou esbrancuxada, de 1 cm de diámetro con seis tépalos, aparecen nun acio denso de 50 a 100 cm de longo. O froito é unha baga globosa de 5 a 7 mm de diámetro. Florece no verán.

HÁBITAT

Medra en bosques costeiros e de terras baixas e atópase con maior frecuencia en terrazas aluviais dentro dos bosques de ribeira, aínda que tamén pode atoparse en pantanos. Persiste en terreos despexados.

DISTRIBUCIÓN

Australia e Nova Zelandia. Distribuída amplamente por Europa. Atópanse exemplares no sur de África, zonas illadas de Asia e América do Sur.

CURIOSIDADES

Trátase dunha especie resistente e unha das árbores máis cultivadas, autóctonas de Nova Zelandia. É moi popular en todo o mundo.